

# Vivindo na contradición de ser unha nova clase de homes

## Chora, chórica, chora

FRANCISCO CASTRO

**S**ei cando foi a primeira vez que sentín a rabia. Coma un coitelo que me esgazou o meu corpo infantil. Coma unha sachada no medio da caluga. A rabia, con toda a súa brutalidade e toda a súa carga de noxo e odio. Probablemente xa a sentira antes, cada vez que por exemplo quería máis teta e miña nai non me daba, ou cando non me mudaban o cueiro e estaba enchoupado durante horas. Mais de todo iso non me lembro, desas rabias case que biolóxicas, desas, non me lembro. O que si lembro, con total claridade, foi aquela vez que, tería catro anos, máis non, un grupo de nenos do barrio, todos maiores ca min, me rodearon. Esa foi a primeira vez que a sentín. Logo, moitas veces máis. Pero esa foi a primeira.

Lembro que foi onda o taller de Evaristo, Chapa y Pintura. De feito, cada vez que paso por alí (onde vai que xa non existe o taller) lembro aquela tarde fatídica na que a rabia se me amosou por vez primeira.

Acórdome pegado á parede e sen escapatoria posible.

Lembro o pánico e o medo a que se me escapase o mexo.

E que me empurraban e daban na cara coa palma aberta.

Lembro os seus risos e as bágoas que me viñan aos ollos. Quentes. Queimándome.

Lembro a Toñito e a Eudardo, mal raio os parta! Había outros dous pero a miña memoria borrou os seus nomes. Eu quería escapar pero, obviamente, non podía. Eran maiores. Estaba perdido.

Comezaron a cantar:

—Chora, chórica, chora, que vas chorar...  
chora, chórica, chora, que vas chorar.

E si, rebentei a chorar. Cheo de carraxe, vergonza e odio. E eles estouparon de risa e saíron correndo, satisfeitos da súa fazaña. Eu guindeilles unha pedra que esquivaron (ou quizais non e todo foi a mala puntería) que bateu contra da porta metálica de Evaristo. Con toda a súa chapa e toda a súa pintura.

Ao chegar á casa, o meu tío Lisardo, que vivía debaixo de nós, preguntou que me pasaba ao verme así, coa face conxestionada, colorado coma un ferro ao lume e aínda saloucando coma un gato ferido. Conteille o que me pasara. Conteille o que me fixeran. E logo de escoitarme e de darme un pano para limpar os mocos, resolveu cunha soa frase:

—Os homes non choran. Non sexas parvo e tira para a casa.

Os homes tamén somos vítimas do patriarcado. Evidentemente, somos os máis beneficiados da estrutura patriarcal dominante, pero tamén somos vítimas dese sistema porque a educación recibida (o meu tío Lisardo estaba *educándome* nese momento) fixo de nós un tipo de persoas que, obviamente, agora non queremos ser e que nos causa repugnancia. A nada que un analice con detemento a frase que veño de escribir, decátase do terrible que resulta ter que loitar contra a propia natureza. E uso a palabra “natureza” con toda a intención do mundo. Porque aínda que xa sei que no ser humano non hai nada “natural” e que, como moito, o que hai de natural é o que aprendemos, o que recibimos e como o recibimos, con palabras, sen elas, con acenos, a través

do que lemos e de como interactuamos cos demais, todo iso que poderíamos chamar, para sintetizar, “comportamento de homes”, tamén sabemos que todo iso se converte no natural... Para nós é natural non chorar cando outros nenos nos arrodean. O natural é guindarlles unha patada. Para nós é natural querer abusar do máis feble no colexio. Así nolo dixeron. Así nos aprenderon. Iso de nós fixeron.

Para facernos fortes.

Para facernos homes.

Ter que loitar contra desa *natureza* inserida como lanza que nos atravesa dende o instante mesmo en que nacemos, é brutal. É un esforzo. É unha loita diaria. Por iso digo que tamén somos vítimas. Dun patriarcado que nos impuxo un modelo e, sobre todo, unha identidade que, obviamente, non é a que nos gusta. Dende o azul que seguro que me puxeron no hospital en diante, ofrecéronme unha identidade do que debe de ser *o masculino*. De aí en diante todo organizado para facerme un home (lembro a frase, “non es un home ata que non vas á mili”; lembro o orgullo dos homes da familia que xa a fixeran, e que gozaban contando as novatadas sufridas, as humillacións feitas logo aos novatos, a arbitrariedade duns mandos militares caprichosos e medio tronados que, aos meus ollos, representaban a psicopatía. E por aí había que pasar para ser un home; lembro os relatos iniciáticos de Manolo, un toliño que había no barrio e asiduo dos bares de putas da rúa Pracer de Vigo, explicando que un era un home cando estaba cunha muller e que por iso había que ir de putas; lembro os nervios eléctricos que me puñan enfermo cando alguén no colexio informaba de que quedabamos o sábado pola mañá no campo de detrás para pelexar cos de Vichita, e que valía todo, pedras, paus, trabar...; lembro todo o que cumpría facer para ser un home: beber ata empenecar, ter unha daquelas revistas que mamá me atopou debaixo do colchón, cuspir no chan, dicir barbaridades ás mulleres...). Unha identidade da que agora é necesario fuxir porque entendemos que un mundo en igualdade é un mundo mellor e que ese mundo que nós, os machos, representamos, non é un mundo bo. Por iso nos esforzamos, a diario, para deconstruír a educación recibida, todo iso que puxen entre parénteses pero que no noso día a día non estaba entre parénteses, senón que era o caldo ambiental no que medrabamos, futuros homiños do día de mañá, señores da nosa casa.

Francisco Castro é escritor  
e director xeral de Editorial Galaxia



Xa non queremos nada diso. Estamos instalados na contradición e esforzándonos, polo tanto, en ser homes *doutra maneira*. En ser pais *doutra maneira*. A diferenza dos nosos pais (en masculino) nós temos todo iso máis consciente, máis preto da mirada, que tentamos violeta, máis presente en todo tempo e lugar. Obviamente, cústanos mundos non ser machistas. Ou sequera micromachistas. Pero aí estamos, tentando traballar, con elas, por un mundo mellor que nos fai tamén mellores a nós.

En resumo: sabemos que a nosa masculinidade, a aprendida, é tóxica. Non só para as mulleres. Senón tamén para nós mesmos. É o noso desexo (e, se non o é, *debe selo*) atopar novos modelos de masculinidade que superen a contradición na que agora nos sentimos, novos parámetros que nos axuden, en definitiva, a cambiar a sociedade.

Ao igual que nos recoñecemos vítimas do patriarcado, debemos recoñecer, cando menos eu quero recoñecelo, que vivimos tamén, os homes, os machos, unha época ben interesante pois os que estiveron antes ca nós non tiveron ocasión de poder vivir esta contradición, dolorosa ás veces, mais sempre reveladora, que supón ter que enfrontarse ao modelo hexemónico masculino para tentar subvertelo. Nós sabémolo, e só por iso esta época xa é dabondo interesante.

Comecei estas liñas contando unha escena da infancia, e á infancia quero volver. Porque eu sempre sentín que ese modelo hexemónico non ía comigo. E sei que o culpable (bendita culpa) tivoa meu pai. Que tampouco estaba nada cómodo con ese modelo.

Cando era neno, preguntábame a min mesmo por que non me interesaban os coches ou as motos ou todas esas cousas que si que lle prestaban aos outros nenos do meu barrio. A Toñito, a Eduardo, mal raio os parta! Porque cada vez que viamos aparcado un coche que se saía do habitual, todos se botaban a correr e a pegar a cara ao cristal para saber a canto podía correr aquela máquina. Coas motos facían igual. Eu, claro, ía, e facía como que me interesaba. Mais, en realidade, non me interesaba o máis mínimo. E iso que me pasaba cos coches pasábame coa escopeta de perdigóns de Emilio, que todos querían disparar. Lembro as risas cando decidiron dispararlle —aí estaban, claro, Toñito e Eduardo, mal raio os parta!— a Duque, o can da señora Juana. Como berraba o animalíño con cada perdigonada. Lembro o meu espanto. A miña estrañeza ao me dectar que aquilo me repugnaba. Mais eles rían. Eran machotes. Igual eu non o era tanto. Ou, sen máis, igual eu non o era en absoluto.

O meu pai —por iso facía referencia antes a el— morreu en 2015 aos 87 anos de idade. Polo

tanto, medrou nun contexto (a posguerra) onde a idea hexemónica sobre o que un home *debía ser* estaba bastante clara. Fíxose grande no franquismo, así pois, pouco hai que explicar. Con todo, o meu pai non tiña reparos en empurrar un coche de bebé (fíxoo), dar bicos ao meu irmán e a min en público (fíxoo) e dicir *quérote* cando nos falabamos por teléfono cada noite (fíxoo). Ao saír do traballo non ía “tomar chiquitas” (diciase así). Lía o periódico e mercaba libros. Por ser extraterrestre, ata era filatélico. Ía con el e con miña nai a Balaídos a ver xogar o Celta, mais nunca o vin berrar ou insultar ao árbitro. De cando en vez, se estaba enfadado, na casa, dicía “óspera” que era o seu xeito de non dicir “hostia”. Educounos no diálogo, na lectura e xamais nos pegou. Aos meus amigos dábanlles vimbiazos ou co cinto do pantalón. O meu pai que, curiosamente, me chamaba *siete machos* (pero iso é dunha película de Cantinflas) xamais me puxo unha man enriba máis que para acariñar-me. Miña nai rifáballe porque dicía que era moi “brando” comigo. Moi probablemente a miña nai tiña moi clara cal era a masculinidade hexemónica e, polo tanto, que o home con quen compartía a súa vida e co que decidira reproducirse, non se comportaba como un home de ben debía comportarse.

O meu pai pasaba ao aspirador e fregaba a louza. Mais pedíame que pechase as cortinas para que os veciños non o visen cando facía estas cousas: sentía vergonza, polo tanto, de facer algo que se consideraba “de mulleres”. Sabía, pois, que o seu comportamento non era moi viril e protexíase dos dixomedixomes poñendo as cortinas entre eles e un mundo que non ía entender nada.

Pechaba as cortinas para pasar o aspirador ou fregar a louza, si, mais, ao facelo, estaba amosándome outro modelo de masculinidade. Unha masculinidade diferente.

Podíase ser home doutro xeito.

El, por suposto, non tiña nin idea de que estaba facendo iso. Como o meu tío Lisardo non tiña nin idea de que estaba facendo xusto o contrario. Mais eu si que era consciente desa contradición. Sabía que o meu pai non era coma os outros. Como eu sabía que eu non era coma os outros. Estaba narrándome outro relato distinto ao relato oficial. O discurso era diferente. Por sorte, diferente. Estaba transmitindo outra posible verdade. Fronte da Verdade Única, unha alternativa.

O meu pai cuestionou o discurso hexemónico da masculinidade sen saber que o estaba facendo. Construíu outro relato para si mesmo e para min. E dende a súa diverxencia, aprendeu-me a min a ser disidente.

Para concluír: os homes que nos recoñecemos como feministas queremos vivir instalados inti-



mamente noutra maneira de ser *machos* (incluso sete machos). Negámonos a que a testosterona sexa o guieiro e apostamos pola afectividade e a palabra, actitudes tradicionalmente asociadas ao feminino.

Lembrems o que di Loquillo na súa reveladora canción, “Feo, fuerte y formal”:

*Mi familia no son gente normal  
De otra época y corte moral  
Que resuelven sus problemas de forma natural  
Para qué discutir, si puedes pelear.*

Para que falar se podes solucionalo a pancadas; para que ceder, se podes gañar; para que buscar a igualdade se se vive moitísimo mellor instalados nunha posición de dominio...

Os homes non dialogan. Para que?, se a forza pode dobregar calquera disidencia. O modelo hexemónico de masculinidade implica renunciar á palabra, ao logos. Curiosamente, renunciar á *palabra* e á *razón*, pois o *logos* grego é todo iso: a capacidade para falar, para falarmos a varias bandas (dialogar) a través da palabra, que nos achega e así evita o conflito. Iso é a comunicación, que un logos chegue a outro logos, que dous discursos conecten, se toquen pel con pel, razón con razón. Mais para que confrontar racionalmente (loxicamente) se podes impoñer o teu relato dende a forza ou o poder.

Para que ser compañeiros se podemos ser acoadores?

Para que a solidariedade no traballo, se pode ser egoísta, medrar, aínda que sexa pasándolle por riba ás compañeiras e compañeiros?

Para que compartir se pode quedar con todo?

Para que esforzarme en ter ou buscar sexo compartido en igualdade erótica ou amorosa, se pode pagar para ter sexo?

Para que ser empático se pode beneficiarme da miña superioridade física e impoñer pola forza tácita ou implícita a miña visión do mundo e así, de paso, sustentar “pacíficamente” os meus privilexios?

Para que esforzarme nunha relación igualitaria de parella se pode exercer o control e o dominio e así conseguir a submisión?

Todo o que veño de referir son consecuencias dun tipo de educación pensada para facer machos, homes de verdade. Deses de pelo en peito.

Unha educación nun modelo masculino hexemónico que sustenta un mundo que xa non queremos e que nos avergonza e que sabemos profundamente inxusto.

Os homes feministas autoconscientes disto, os homes feministas que nos escandalizamos cando descubrimos en nós comportamentos ou reaccións machistas (a diario) reclamamos a posibilidade de educar os nosos fillos (varóns) para que neles esa nova masculinidade si que sexa algo natural (no senso explicado antes), non como para nós que temos que, dalgunha maneira, matarnos a nós mesmos para, coma Fénix, refacernos e comezar de novo case que todos os días.

A batalla non é sinxela. Cando menos é a conclusión que hai que tirar cando un estuda os datos oficiais que falan de que a violencia contra das mulleres comeza antes, que as “manadas” cada vez son máis numerosas e formadas por rapaces máis novos... Sei que é a reacción do patriarcado. Pero é unha traxedia porque, cando menos na teoría, levamos ben de anos educando formalmente en Igualdade.

Os novos homes, homes disidentes ou como se lles queira chamar, queremos poder ser emocionais sen que iso supoña un menoscabo na nosa virilidade ou un xuízo de valor pexorativo. Queremos amosar as emocións. Deixar de competir. Vivir nun universo máis horizontal e colaborativo. Ou o que é o mesmo: eu quero ser eu. Porque eu, por exemplo, son un chorón. Choro vendo películas, vídeos no WhatsApp, escoitando música, sempre nos concertos...

Quero ser, pois, un choromica orgulloso e sen rabia. Será o meu xeito de estar, para sempre, por riba de Toñito e de Eduardo, mal raio os parta! ■